

PEZA DO MES

maio

2023



**ONCE PUNTAS DE FRECHA DO TÚMULO M5
DE OUTEIRO DE CAVALADRE
(MUÍÑOS, OURENSE)**

Once puntas de frecha no túmulo M5 de Outeiro de Cavaladre (Muíños, Ourense)

O Outeiro de Cavaladre, lugar situado no val de Salas, acolle unha necrópole formada por catorce monumentos megalíticos. Deles escavamos os dous que rexistramos como OCvM1 e OCvM5, de onde proceden as once puntas. As coordenadas deste último, con referencia ao datum ERS89, fuso 29, son 589.848X/4.641.853Y, cunha altitude de 834 m.s.n.m.

No monumento e entre outros materiais, destacamos neste texto as once puntas de frecha que descubrimos durante a escavación. Resumimos a continuación as características deste destacado grupo de artefactos que formaba parte da ofrenda funeraria, ben como enxoval, ben como parte dunha ofrenda fundacional. Na numeración que utilizamos a sigla, OCv indica a necrópole de «Outeiro de Cavaladre», M5 o número con que catalogamos a «mámoa» ou monumento e, a continuación, o número de rexistro dentro do cómputo total dos materiais arqueolóxicos que exhumamos na escavación. Todas son de seixo, e as súas lonxitudes oscilan entre os 44,9 mm (OCvM5:41) e os 28,9 mm (OCvM5:4), con grosos entre 8,5 mm (OCvM5:41) e 4,7 mm (OCvM5:91). Nove teñen os bordos rectilíneos, e só en dous casos son lixeiramente cóncavos. Así tamén, todas as bases son triangulares, dándolles un aspecto romboidal. A OCvM5:44 mostra un inicio de pedúnculo e a da OCvM5:41 é lixeiramente trapezoidal. As seccións tamén son variadas: catro biconvexas (OCvM5:91, OCvM5:93, OCvM5:102 e OCvM5:126), unha planoconvexa (OCvM5:4), catro biconvexas irregulares (OCvM5:36, OCvM5:41, OCvM5:101 e OCvM5:128c), unha trianguloconvexa (OCvM5:44) e unha hexagonal (OCvM5:130). As técnicas de retoque tamén son bastante homoxéneas, todas con modo plano e cubrinte e manteñen a posición bifacial con amplitude profunda. A maioría mostran unha delineación denticulada simple, agás as OCvM5:91 e OCvM5:128c, con delineación denticulada composta.

Vemos como as once foron elaboradas con seixo e todas ofrecen a base predominantemente triangular. Ademais unha delas, a OCvM5:128c, participaba dunha ofrenda formada por dous recipientes cerámicos, un no interior do outro e, dentro do primeiro, a dita punta de frecha. O feito de que este conxunto aparecese nunha fosa na masa tumular sobre a que se construíu a coiraza, levounos a interpretalo como unha ofrenda fundacional da sepultura, achado que expuxemos como Peza do Mes de outubro de 2016. Dende este punto de vista, e tendo en conta a súa situación intencionada debaixo e contigua á citada coiraza, tal ofrenda podería ser coetánea co remate da edificación do monumento, unha pequena cista de probable inhumación individual, que no noroeste se podería contextualizar nunha marxe cronolóxica aproximada de 3300-2500 BC.

Un dato interesante sobre elas é o material con que foron elaboradas. Todas, sen excepción, son de seixo, material distinto das que atopamos noutros megalitos do val de Salas, como as que proceden do monumento M1 de Outeiro de Cavaladre, escavado por nós, ou das que se recollen na superficie do M5 de Veiga de Maus de Salas, tamén con base triangular, pero todas elaboradas con xisto e de facturas máis esveltas. Dende este punto de vista, e como adiantamos noutras publicacións, poderíamos propoñer unha dobre significación cronolóxica e cultural en relación cos atributos específicos e contextuais dos propios artefactos cos dous grupos de puntas de frecha citados, xisto/seixo:

- Todas as puntas de frecha que referimos son de base triangular. No entanto, e como vimos, as catro procedentes da M1 de Outeiro de Cavaladre coas da M5 de Veiga Maus de Salas, son de xisto, fronte ás once da M5 que agora presentamos, de pequeno tamaño e elaboradas con seixo. Así, dentro das diferenzas morfolóxicas que existen entre elas, parecen formar dous grupos relativamente homoxéneos entre si e en relación directa cos monumentos: M1 de Outeiro de Cavaladre e M5 de Veiga de Maus de Salas son, pese ás diferenzas, dolmens de corredor, mentres que a M5 de Outeiro de Cavaladre é unha pequena cista. Debemos destacar ademais que unha das puntas da mámoa M5 insinúa un incipiente pedúnculo na base triangular, e provoca unhas tamén incipientes aletas oblicuas. Recordamos que as bases pedunculadas e rectas soen asociarse con contextos cronoloxicamente posteriores, especialmente calcolíticos.
- A tipoloxía da cámara da M5 faínos supoñer que puido ser erixida co fin de servir de enterramento único, unha inhumación individual. No transcurso da escavación, o rexistro estratigráfico e espacial que realizamos na distribución das puntas de frecha en relación coas estruturas do monumento e xunto co resto dos materiais que as acompañan, puxeron en evidencia dous grupos que pola súa vez representan dúas posibles ofrendas diferenciadas: unha previsiblemente depositada, xunto ao defunto, no interior da cámara funeraria, a cista, e outra distinta, pero posiblemente coetánea, na citada fosa practicada na masa tumular, baixo a coiraza (con toda probabilidade, froito dunha ofrenda específica realizada durante a construción da sepultura). En consecuencia e nos dous casos, poderíamolas considerar, dende o punto de vista ritual, como contemporáneas da construción/uso funerario do monumento.

No relativo ás posicións estratigráficas, as once apareceron ben no interior da cámara, ben sobre a masa tumular. Son maioría as do interior da cámara, no estrato correspondente coa área de violación. As que aparecen fóra dela, seguramente foron arrastradas no decurso dos saqueos do monumento, agás a que formaba parte da ofrenda fundacional. Como noutras publicacións,

cremos que o túmulo M5 e Outeiro de Cavaladre pode caracterizarse como un enterramento de transición entre o Neolítico e o Calcolítico, fundamentalmente pola súa tipoloxía, unha cista característica do que se deu en chamar Megalítico Final, monumentos edificadas, aproximadamente e como vimos, entre 3300-2500 BC segundo propostas teóricas.

Como colofón, podemos poñer en relación secuencial as puntas de frecha o túmulo M5 e Outeiro de Cavaladre con outros materiais, ás veces posteriores do ritual megalítico e intrusivos, atopados nos monumentos e necrópoles megalíticas do Val de Salas, como xa publicamos hai case dúas décadas, estruturando toda a información extraída en cinco horizontes cronolóxico-culturais diferenciados:

interna das xentes megalíticas, cando menos no social, cara ao Calcolítico, e que despois, entrarán en contacto coas manifestacións culturais campaniformes?

- Con pouca diferenza de tempo, tamén ao redor dos séculos centrais/ finais do IVº milenio BC, detéctase na comarca unha ocupación cun patrón de enclave ben diferente do que coñecemos ata entón. Está representada polos poboados calcolíticos precampaniformes con cerámicas Penha en asentamentos ao ar libre, como acontece ao redor do encoro das Conchas, ocupando as terras baixas, en cotas inferiores aos 700 m. Como dicíamos noutra ocasión «Este novo proceso de sedentarización hai que consideralo, a teor das datacións absolutas procedentes do Norte de Portugal, como unha

MATERIAIS	MONUMENTO	HORIZONTE
Puntas de frecha de xisto de base triangular, machado poído, cincel?, muiño de man, cuncos cerámicos e outros	«M1 de Outeiro de Cavaladre» (cámara con corredor indiferenciado en planta)	Megalítico
Todos os materiais exhumados no monumento, incluído o depósito fundacional do túmulo	«M5 de Outeiro de Cavaladre» (cista rectangular irregular)	Transición
Cerámicas campaniformes	«Portela da Moadá» (cámara poligonal?)	Calcolítico Campaniforme
Vasos de fondo plano	«Casiña da Moura», tamén chamada M8 de Veiga de Maus de Salas (cámara con corredor diferenciado en planta e alzado)	Bronce Antigo
Vasos troncocónicos	«M1 de Outeiro de Cavaladre» (cámara con corredor indiferenciado en planta)	Bronce Medio

Desde este punto de vista, poderíamos recuperar hipóteses que formulabamos anos atrás, cando centramos os nosos estudos ca Baixa Limia e no val de Salas, territorio con forte personalidade xeográfica que forma parte da primeira. Así, obsérvase na Baixa Limia unha forte dualidade no rexistro arqueolóxico dos xacementos e, polo tanto, na ocupación da comarca nestes momentos da Prehistoria recente:

- Persiste a construción de sepulturas baixo túmulo, pero agora e supostamente para un novo ritual que ten que ver coa inhumación individual. Estes monumentos, representativos do chamado Megalítico Final, manteñen unha distribución moi semellante aos megálicos das etapas anteriores, os dolmens simples e os de corredor, ben que neste últimos momentos as localizacións parecen prodigarse máis polas que denominamos terras altas, é dicir, por cotas superiores aos 1000 m. A pervivencia das técnicas arquitectónicas, probablemente agora orientadas a construír tumbas para un novo ritual (a inhumación individual fronte á colectiva), fose quizais un indicio dun certo grao de xerarquización. Incluso dunha diferenza de *status* ou da emerxencia dalgunha clase de linaxe. Por que non interpretar estes indicios como o produto da evolución

manifestación Calcolítica cunha produción cerámica «autóctona», que abrangue o Sur de Galicia, o Norte de Portugal e quizais o sector occidental da Meseta Norte, independente das posibles achegas campaniformes posteriores».

Ambas as dúas manifestacións arqueolóxicas, os monumentos megalíticos da fase final e os asentamentos precampaniformes ao ar libre, probablemente coetáneos e con relación de veciñanza inmediata, aínda que ocupando distintos nichos da comarca (respectivamente terras medias e altas fronte ás terras baixas), quizais representen dúas evolucións culturalmente diferentes e cronoloxicamente coetáneas cara ao Calcolítico. Se así fose, os construtores ou usuarios do derradeiro megálico puideron experimentar tal evolución no ámbito social, sen que teñamos datos para intuilo no tecnolóxico, concretamente na actividade metalúrxica. A existencia de dúas manifestacións arqueolóxicas diferenciadas non exclúe a posibilidade de intercambios ou adquisicións como puideran ser, entre outros artefactos, as cerámicas Penha, que coñecemos moitos anos atrás polas escavacións de Florentino Cuevillas na mámoa M7 de Monte das Motas, en Lobeira.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: José María Eguileta Franco

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco